

COÑECENDO A ASTRID

[Pernille Fischer Christensen, 2018]

506

ESTREA EN NUMAX: 28.03.2019 | V.O.S.E. | +12

Unga Astrid (2018, 123')

Dirección: Pernille Fischer Christensen

Guión: Kim Fupz Aakeson, Pernille Fischer Christensen

Elenco: Alba August, Trine Dyrholm, Björn Gustafsson, Magnus Krepper, Maria Bonnevie, Henrik Rafaelsen, Liv LeMoyne, Sofia Karemyr, Lars Väringer, Saga Wetterqvist, Maria Alm Norell

Son: Andreas Franck

Montaxe: Kasper Leick, Åsa Mossberg

Dirección de arte: Sabine Engelberg, Sandra Lindgren

Vestiario: Cecilia Rörby, Cilla Rörby

Fotografía: Erik Molberg Hansen

Música: Nicklas Schmidt

Produtora: Nordisk Film Production Sverige AB, Avanti Film, DCM Productions, Det Danske Filminstitut, Film I Väst (Suecia, Dinamarca)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Sueco, danés

PREMIOS E FESTIVAIS

Chicago 2018 (Premio do Público Mellor Filme Estranxeiro)

SINOPSE

Cando Astrid era moi nova, sucedeu algo que a afectou profundamente. Esa combinación de milagre e desgraza cambioulle a vida e converteuna nunha das mulleres máis inspiradoras da nosa época e nunha narradora popular en todo o mundo. Esta é a historia da Astrid nova que, malia os condicionantes da súa época e dunha educación relixiosa, decidiu romper coas normas da sociedade e obedecer só o seu corazón.

«Unha fermosa obra de época cunha actuación vibrante da acabada de chegar Alba August no papel protagonista»

Alissa Simon, VARIETY



“Se non fose por Pippi, non me tería feito cineasta. Non había moitos modelos naquela época”

Entrevista con Pernille Fischer Christensen

Por Marta Balaga

Astrid Lindgren non foi unicamente unha escritora; foi unha icona. Con todo, non che foi doado convencer á xente de que a súa historia merecía ser contada. Cando tentabamos pechar o financiamento, non facía máis que escoitar que ninguén quería ver un filme sobre a maternidade. «Non vos parece moi comercial?» díxome unha muller. De que vai realmente *El renacido* [de Alejandro González Iñárritu]? Dun pai que perdeu o seu fillo. Pero vese dunha maneira totalmente distinta. Para as mulleres cineastas, hai unha diferenza entre as historias que queremos contar e as que podemos contar. Levo nisto máis de 20 anos e é posible que, por fin, estea a cambiar.

Eu son dunha xeración que creceu cos libros de Astrid pero non sabía nada sobre ela. Ti si? Non, tampouco coñecía esta historia. Hai algúns anos, lía o xornal e atopeime cunha foto de Astrid suxeitando a man do seu fillo.

Dicía: «Astrid e o pequeno Lasse en Copenhague». Pensei: «Que fan alí?». Máis tarde, merquei un libro sobre a súa vida para a miña nai. Nel vin unha foto dunha muller nova moi frágil e até deprimida. Empecei a indagar de onde viña esa dor. Parecía completamente introvertida e esa non era a imaxe que eu tiña de Astrid Lindgren, así que empecei a ler as súas cartas e os libros sobre ela. Tratei de dar coa súa esencia.

Aínda que o seu embarazo extra marital resultou un escándalo na súa época, amosas que recibiu moito amor por parte da súa familia. Escribiu un libro sobre os seus pais. O seu pai esperou a súa nai durante cinco anos, do namorado que estaba. Antes de que morrer díxolle: «Que nai tan marabillosa tiveches!». Ela viu como se acariñaban os seus pais, leu as súas cartas de amor. Non creo puidese escribir con semellante calidez se non houbese ese amor na súa casa.

Astrid falaba moito da súa infancia porque, obviamente, inspirouna, pero non tanto sobre ter un fillo e creo que podemos entendelo. Non é algo que unha comparta así, sen máis, coa xente. Fíxose famosa cando Pippi Mediaslongas se converteu nun éxito pero iso foi 20 anos despois do momento no que está ambientado este filme. Ela non podía sabelo cando tiña 16. Unha vez dixo que, se non fose por Lasse, probablemente sería escritora igual pero non se tería feito famosa no mundo enteiro. Ela sabía que esta experiencia, por dolorosa que fora, tivo a súa importancia á hora de escribir as súas historias.

Volviches traballar con Trine Dyrholm. Hai anos que vos coñecedes, verdade? Levamos traballando xuntas desde a universidade. Nunca traballara con actores antes. Dábame moitísimo medo. O único que quería facer era esconderme no baño e chorar. Un día, vina nun programa de televisión e pensei «Debería facer algo con esta moza». Ás veces penso que Trine foi quen me ensinou como dirixir a un actor, como transmitir.

Marcoute a obra de Astrid cando eras nena? Son de Dinamarca pero o meu pai traballou de mozo como médico e ás veces tiña que ir a Suecia. Antes dos 11 anos pasaba cada verán en Småland. Non había televisión, nin iPad, nin auga quente. Era unha vida sinxela. Non tiña ninguén con quen xogar, así que miña nai e eu liamos libros, o que nos levou ás grandes cuestións da vida: a morte, o amor, a familia e o xénero. Se non fose por Pippi, non me tería feito cineasta. Non había moitos modelos naquela época. A Cincenta era o único que tiñamos. En Suecia, cando a xente ten que tomar unha decisión importante, pregunta: «Que diría Astrid?». As súas historias tiveron un impacto profundo en min.

Publicado en cineuropa.org
Tradución: Olalla Cocina

NA LIBRARÍA NUMAX

Pippi Mediaslongas embarca, Astrid Lindgren.
Kalandraka, 2018

Pippi Mediaslongas, Astrid Lindgren
Kalandraka, 2017

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

